Concello de Mugardos

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

## Circular informativa Servizo de Comedores escolares municipais, 2023/2024

O servizo de XANTAR do comedor escolar municipal está cofinanciado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia

Continuaráse informando a **info@alimentacionsaludablegallega.net,** ata as **09:30 h.** para anular/solicitar o servizo de comida, e ata as **16:30 h.** para o almorzo do día siguinte. Os teléfonos 986 453 040 e 630 363 844 empregaranse só para emerxencias.

**ALMORZO: 7.30 h- 9.00 h.**
Despois das 8,30h. o alumnado non poderá entrar no servizo de almorzo.
**XANTAR: 14.00H.-16.00 h.**
Dúas quendas de saída: a primeira sairá ás 15.15 h. e a segunda quenda ás 16.00 horas. Por seguridade dos e das comensais, e agás os horarios das quendas de saída, as portas do centro permanecerán pechadas durante o horario de comedor.

**Faltas de asistencia:**
A ausencia esporádica ou continuada no servizo non exime da obriga de pagamento.
Unha ausencia de máis de 3 días continuos sen xustificar ou mais de 6 discontinuos nun período igual ou de 30 días naturais poderá producir a baixa no servizo.

**Faltas de conduta:**
O Concello reserva para sí o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos alumnos/as que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou titores non respecten este regulamento e as normas básicas de convivencia e colaboración.
Para a corrección das faltas leves poderáselle aplicar, como medida correctora inmediata, a suspensión temporal do dereito de asistencia ao comedor por un período de ata 3 días lectivos, sen eximir da cota correspondente.

**Programa de hixiene bucodental**: Os e as comensais de almorzo e/ou xantar deberán levar na súa mochila un cepillo e pasta de dentífrica para fomentar este hábito saudable. (Non se deixarán no comedor)

Para continuar coas medidas preventivas de contaxios eficaces, a ventilación nas instalacións do comedor continuará durante os servizos.

Informar de que o procedemento de cobro das mensualidades do comedor escolar está suxeito a unha normativa que non permite reducir a menos de 2 meses o período de cobro (publicación do padrón fiscal no BOP e exposición pública para alegacións, etc.).

Instalarase un **Buzón de suxestións** na entrada do centro educativo para facilitar a achegas de propostas de mellora do servizo por parte das familias.

Ordenanza fiscal nº 25, reguladora da taxa pola prestación do servizo de comedor escolar, BOP núm. 192, 08/10/2014

Regulamento do Comedor Escolar Municipal CEIP Unión Mugardesa, BOP núm. 213, 10/11/22

08/09/2023